

ANEXO V

BAREMO

1º.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- 1.1.-Por cada membro da unidade familiar.....2 puntos
- 1.2.-Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo1 punto
- 1.3.-No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacera nun parto múltiple.....1 punto
- 1.4.-Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico.....2 puntos
- 1.5.-Pola condición de familia monoparental.....3 puntos
- 1.6.-Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.....6 puntos
- 1.7.-Pola condición de familia numerosa.....3 puntos
- 1.8.- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadasata 3 puntos

2º.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

2.1.- Situación laboral de ocupación:

- Nai7 puntos
- Pai7 puntos

2.2.- Situación laboral de desemprego (1):

- Nai 2 puntos
- Pai..... 2 puntos

2.3- Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (RISGA):

- Nai 3 puntos.
- Pai 3 puntos.

- (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.

- No caso de familias monoparentais ou aquelas nas que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.
- Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º.- SITUACIÓN ECONÓMICA

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):

- Inferior ao 30% do IPREM+4 puntos
- Do 30% ou superior e inferior ao 50% do IPREM.....+3 puntos
- Do 50% ou superior e inferior ao 75% do IPREM.....+2 puntos
- Do 75% ou superior e inferior ao 100% do IPREM..... +1 punto
- Do 100% ou superior e inferior ao 125% do IPREM..... -1 punto
- Do 125% ou superior e inferior ao 150% do IPREM. -2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM. -3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM. -4 puntos

- En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar ás solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

- Para os efectos desta resolución están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

- No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.